

SERMOS adegas

Caderno de análise sobre ecoloxismo e o ambiente
Realización: Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza
(ADEGA) en parceria con SERMOS GALIZA
Coordinación: Manuel Soto Castiñeira



ARQUIVO ADEGA



GALIZA TÓXICA

Fumigacións masivas no ámbito forestal, uso de produtos tóxicos na agricultura, e novos usos indiscriminados no ámbito urbano e nas estradas, configuran unha "Galiza tóxica" na que todo ser vivo está ameazado. Toxicidade aguda, efectos reprodutivos, endocrínicos, canceríxenos, neurolóxicos... abellas e persoas son indicadores do que está a pasar coa saúde do ecosistema.

A GALIZA SUBMISA AO LOBBY DO EUCALIPTO Pax. 2-3
Fumigacións masivas con glifosato, flufenoxurón, Tau-fluvalinato...

HERBICIDAS NAS BEIRAS DE ESTRADAS Pax. 4
A loita para que os fitosanitarios non estraguen o noso patrimonio natural

PERIGOS DO GLIFOSATO NAS CIDADES Pax. 5
Toxicidade aguda, toxicidade crónica e risco para os transeúntes

ACTUALIDADE AMBIENTAL EN IMAXES Páx. 6-7
O traballo ecoloxista das últimas semanas.

ENTREVISTA Pax. 8
Xesús Asorei, Asociación Galega de Apicultura.



CASTRO DE REMONDE E FUNDACIÓN EIRA

ADEGA e a Fundación Eira adquiriron os terreos do castro de Remonde, na Ulloa, co obxectivo de protexelo e dedicalo á aprendizaxe e coñecemento colectivo do coidado ambiental e patrimonial. O proxecto, coordinado por Manuel Gago, conta coa colaboración da Escola Carme Buxán, creada na honra da primeira arqueólogo que catalogou por vez primeira os castros do Deza. A Fundación EIRA, que ven de ser declarada de interese galego para a defensa do medio natural, xestionará recursos tais como a Eira da Xoana e o Castro de Remonde, entre outros.
<http://castroderemonde.net/>

No deseño das políticas forestais e por extensión daquelas que atinxen ao medio rural, o papel –e nunca mellor dito- da patronal pasteira (ASPAPPEL, vale dicir ENCE) é determinante. O seu modelo de explotación, baseado no monocultivo do eucalipto, antes para pasta e dentro de moi pouco para biomasa, condiciona non só o modelo forestal imperante, oportunamente traducido a normas (Plano Forestal, Lei de Montes, etc.) polos seus factótums políticos, senón tamén as relacións da sociedade co medio no territorio colonizado polo eucalipto.

Fins Eirexas

Secretario Executivo de ADEGA

Neste artigo imos abordar algunha das consecuencias e servidumes que esta "ditadura do eucalipto" impón aos habitantes e ao ambiente nos espazos baixo a héxida da papeleira. Referímonos aos efectos do uso e abuso de biocidas, tanto para o cultivo até o de agora forestal e en breve enerxético das masas de eucalipto, como para o tratamento das súas pragas, quer o coñecido gurgullo (*Gonipterus scutellatus*).

GLIFOSATO

Na enorme extensión de eucalipto da que dispón a patronal pasteira, maioritariamente dedicada á produción de pasta de papel, os tratamentos "preventivos" con herbicidas (o coñecido glifosato) para eliminar a competencia acontecen cada 3, 8, 17 e 20 anos aproximadamente, por ciclo de corta (25-30 anos). Sobre os efectos deste potente e ubicuo herbicida versan outros artigos deste suplemento, polo que non abundaremos. Tan só subliñar que a Axencia Internacional para a Investigación do Cancro (IARC), dependente da OMS (Organización Mundial da Saúde), vén de elevar neste 2015 o risco cancerixeno do glifosato á categoría "2A-Probablemente cancerixeno para humanos".

Atendendo ás doses recomendadas para a aplicación do glifosato en parcelas forestais con eucaliptos, uns 2-3 litros por hectárea, e tendo en conta que a superficie ocupada por este monocultivo en Galiza supón arredor de 288.000 ha (Inventario Forestal Español 2008-2010), resulta que os montes galegos son fumigados en cada tirada con entre medio millón e 800.000 litros deste perigoso produto. Por tanto, entre 2 e 3,4 millóns de litros por cada ciclo de corta, cantidade suficiente para encher 120 camiións cisterna de veneno.

Mais o glifosato non é o único biocida usado nos montes a eucalipto. A chegada a Galiza a principios dos 90 do gurgullo e a infestación masiva das plantacións en menos de 7 anos, provocou a reacción da patronal pasteira. A aposta de ASPAPPEL polos métodos de combate químicos fronte aos biolóxicos, intensificada nos últimos tempos, débese á viraxe estratéxica de ENCE cara a biomasa e os cultivos enerxéticos. Os ciclos de corta pasarán a ser de 5/6 anos e a presión por manter o elevado ritmo de madeira para queimar, minimizando

Galiza tóxica e submisa

IMAXES: ARQUIVO ADEGA



«A OMS VÉN DE DECLARAR NESTE 2015 O GLIFOSATO COMO PROBABLE CANCERÍXENO PARA HUMANOS.»

«CADA CICLO DE CORTA DO EUCALIPTO, OS MONTES GALEGOS SON FUMIGADOS CON 120 CAMIÓNS CISTERNA DESTE VELENO»

as marras, fai chave dar coa "solución final" contra o gurgullo.

FLUFENOXURÓN

Un dos primeiros intentos de fumigación masiva aconteceu en 2012. Daquela ADEGA tivo coñecemento da intención de ASPAPPEL, a patronal pasteira, de fumigar amplas zonas do país cunha substancia prohibida pola UE: o flufenoxurón. A partires de agosto dese mesmo ano ía a prohibirse a comercialización deste tóxico, e o seu uso pasaría a estar prohibido en xaneiro de 2013. ASPAPPEL, coa conivencia -ou mellor dito coa cooperación necesaria- da Xunta, tentou poñer en marcha unha campaña masiva de fumigacións aéreas nas zonas máis afectadas polo gurgullo. Ofrecía, co aval da Xunta, o tratamento de xeito gratuito e coa posibilidade de complementalo coa loita biolóxica mediante a vespa *Anaphes nitens*, que parasita ao *gonipterus*. Este veneno, o flufenoxurón, producido pola empresa BASF (*The Chemical Company*) baixo a fórmula Cascade, resulta ademais letal para as abellas e tóxico para as persoas. A Xunta pretendía autorizar a toda présa o seu uso nos montes galegos, fumigando sobre espazos protexidos, ríos e vilas, denantes de que entrara en vigor a prohibición e daquela BASF só puidera colocar o seu veneno no "terceiro mundo".

Descoñecemos se os planos da papeleira chegaron a executarse, mais a rápida mobilización social e política e, sobre todo, o curto espazo de tempo e as adversas condicións meteorolóxicas daquel verán, de seguro derramaron grande parte do proxecto da patronal pasteira.

TAU-FLUVALINATO

Un segundo intento de dar coa "solución final" contra o gurgullo aconteceu dous anos despois, en 2014.

ao lobby do eucalipto

Daquela ADEGA puido saber da intención de ENCE, a través de ASPAPEL, de fumigar masivamente plantacións de eucaliptos co MAVRIK-10 (principio activo Tau-fluvalinato). Este composto insecticida/acaricida estaba orixinariamente formulado para o combate dos pulgóns, ácaros e outros insectos nos cultivos de horta e froiteiras. A súa utilización contra o gurgullo do eucalipto era pois novidosa, de aí que ASPAPEL solicitara o seu ensaio experimental nos nosos –seus- montes. O Ministerio autorizoulles o uso excepcional en parcelas seleccionadas pola súa alta infestación, localizadas principalmente no arco árbore, A Mariña e a costa de Pontevedra. Un total de 17.457 ha.

Se a fumigación "experimental" daba resultado, a patronal pasteira pretendía estender o tratamento á totalidade das provincias da Coruña e Pontevedra, así como aos distritos forestais VI (A Mariña de Lugo) e IX (O Ribeiro-Arenteiro). Neste "ensaio", 52,3 toneladas deste composto insecticida ian ser (ou foron, descoñecémolo) espaxadas por parcelas a eucalipto. Nalgúns casos, como puido comprobar ADEGA, a fumigación -desta volta terrestre- non respectou as restricións de aplicación: Non fumigar a menos de 100 m de masas de auga, regos, pozos ou mananciais; non tratar zonas con alta pendente e risco de escoamento; e non fumigar con chuvia ou risco de chuvia.

O Tau-fluvalinato, un composto nocivo, irritante, bioacumulativo e altamente tóxico para a vida

acuática é tamén tóxico pra as abellas, malia que ASPAPEL indicaba o contrario na información da solicitude. Non nos resultou moi complicado rebater este extremo xa que calquera pode acceder por internet a diversas publicacións e estudos que inciden nas interaccións tóxicas do produto nas colmeas en conxunción con outros químicos. Mesmo nalgunhas bases de datos internacionais sobre os efectos dos pesticidas (como a da Universidade de Hertfordshire, que se pode consultar *online*) indícase que o Tau-fluvalinato ten unha toxicidade "moderada" para as abellas.

FUMIGACIÓNS MASIVAS EN ESTADO DE EXCEPCIÓN

Aquel "ensaio" de 2014 ao parecer deu o resultado agardado pola papeleira e xa neste 2015, a Xunta (actuando novamente como factótum de ENCE) solicitou ao Ministerio a fumigación masiva de milleiros de hectáreas de plantacións afectadas polo *gonipterus*. O territorio de aplicación abrangue agora a totalidade das provincias da Coruña e Pontevedra e os distritos forestais VI (A Mariña) e XI (O Ribeiro). O Ministerio accedeu e o permiso ten vixencia dende o 9 de abril ao 6 de agosto deste ano.

Madrid xustificou a excepcionalidade desta me-

didia (fumigación cun veneno non específico para o gurgullo) en que concurrían "circunstancias especiales" porque o gurgullo supón un "peligro imprevisible" que non pode controlarse por outros "medios razonables". Desde ADEGA preguntámonos como é que a praga do gurgullo, que leva 20 anos afectando aos monocultivos de eucalipto, pode ser considerada como algo "excepcional" e "imprevisible", cando ademais existen outros métodos de loita que xa amosaron a súa efectividade. Será que a pasteira, ante a perspectiva de expandir o seu negocio dos eucaliptos á biomasa, opta por outra "solución final" para obter resultados a curto prazo, sexan cales sexan as consecuencias para o medio e para as persoas?

UN FUTURO TÓXICO?

Uso intensivo de enormes cantidades de tóxicos que rematan nas augas e no ambiente, tentativas de fumigar masivamente con substancias prohibidas, proxectos para usar os montes como parcelas experimentais para ensaiar novos venenos... Unha Galiza tóxica á maior gloria do negocio do eucalipto.

Quizais o máis grave sexa escandalosa submisión da Xunta ao lobby do eucalipto, corroborada

por unha política forestal hiperpermissiva coas pasteiras e os seus intereses (Lei de Montes, Orde dos cultivos enerxéticos -lista desde 2012-), intereses aos que non dubida en subordinar a saúde do ambiente, das persoas e en definitiva, o futuro do rural galego.

«A XUNTA LEVA A CABO UNHA POLÍTICA FORESTAL HIPERPERMISIVA COAS PASTEIRAS E OS SEUS INTERESES, POR RIBADA SAÚDE DO AMBIENTE E DAS PERSOAS»



O abuso dos pesticidas está alcanzando todos os ámbitos, incluídos aqueles nos que hai alternativas doadas como é o control da vexetación nas cidades.

Cosme Damián Romay Cousido
Biólogo da Universidade da Coruña

Pasear en primavera pola beira dunha estrada permite aínda hoxe a doada observación de multitude de invertebrados e incluso algúns vertebrados, así como unha sorprendente diversidade de flores silvestres. Embora, esta visión é aniquilada cada ano en moitos lugares de Galiza. De xeito recorrente, escóitase dos nosos administradores públicos que as beiras vexetadas “son feas”, “poden propagar os lumes forestais” e “comprometen a seguranza do tráfico”. Solución? Herbicida. Litros e litros de (caros) produtos tóxicos para a biota espaxados por dúzias de quilómetros de vías, ás veces en bandas de ata 3 m de largura.

É realmente efectivo este tratamento? A resposta é un rotundo non. De feito, é contraproducente. Na Galiza atlántica, nun ano normal de choivas, estas plantas ruderais (de bordos de vías) conservan o seu verdor ata ben entrado xullo, facendo moi complicado que poidan propagar o lume. Pero se os nosos xestores deciden espaxar herbicida nun día seco de abril ou maio, o resultado é triplamente catastrófico: primeiro, créanse beiras de herbas secas que poden arder doadamente (xusto o contrario do que se pretende). Segundo, aniquílanse millóns de seres vivos nunha época crítica, ou os que sobreviven asimilan lentamente o veneno (efectos subletais) de tal xeito que poden ser capturados por predadores que á súa vez resultan intoxicados. E terceiro, eses herbicidas son lavados coas choivas primaverais cara a aquíferos que, deste xeito, incorporan tóxicos que antes non contiñan.

EXEMPLOS DE HERBICIDAS E DANOS DERIVADOS

O chamado *2,4-D* (ácido 2,4-diclorofenoxiacético) é un dos máis perigosos herbicidas, incluso en doses recomendadas, polos danos que potencialmente pode causar a herbívoros. En doses máis altas supón a morte de mamíferos e tamén de aves insectívoras. *Dicamba* (ácido 3,6-dicloro-2-metoxibenzoico, presente en marcas tais como Oracle e Banvel) en doses típicas pode afectar á reprodución de vertebrados, efectos que son máis notorios en aplicacións máis intensas, como sucede co *Triclopyr* (ácido 3,5,6-tricloro-2-piridiniloxiacético, utilizado na marca Garlon). O coñecido *glifosato* en doses altas pode afectar a grandes herbívoros e tamén a anfíbios. Tanto, que na propia etiquetaxe do produtor dise que é “Nocivo e perigoso para o medio ambienté. Tamén existen evidencias de afeccións do glifosato á saúde humana.

IGNORADO MARCO LEGAL

Lamentablemente, as normativas legais óbvianse cando se perpetra unha fumigación nas beiras das estradas. As directivas europeas 2000/60/CE (Directiva Marco sobre a Auga), 2009/147/CE (Directiva Aves) e 92/43/CEE (Directiva Hábitats) definen zonas protexidas e zonas sinaladas a efectos de establecer as necesarias medidas de conservación nas que se deberá minimizar ou prohibir o uso de produtos fitosanitarios (incluíndo os herbicidas), a efectos de garantir unha calidade boa das augas e a conservación dos seres vivos.

A Directiva 2009/128/CE, sobre o uso sostible dos fitosanitarios ten como obxectivo a redución dos riscos e efectos destes compostos químicos na saúde humana e no medio natural. Nos artigos 11 e 12 (capítulo IV) recóllese que os Estados membros velarán porque se minimize ou prohiba o uso de herbicidas ao longo de estradas, así como nos espazos utilizados polo público en xeral.

O Real Decreto 1311/2012, do 14 de setembro, traspón esta última Directiva ao ordenamento xurídico español. Por el establécese o marco de actuación para acadar un uso sostible de produtos fitosanitarios



Herbicidas nas beiras de estradas ou como perder natureza

e describe un “Plan de Acción Nacional”, que inclúe unha campaña de sensibilización pública sobre os riscos e efectos destes produtos e directrices para diferentes escenarios. Nas chamadas “redes de servizos” (que inclúen as vías de circulación), só os profesionais aplicarán “produtos autorizados para o seu uso naqueles casos ou treitos nos que non sexa viable a utilización de medios mecánicos ou outros alternativos, e sempre en épocas en que sexa menos probable que se produzan choivas”. Aqueles treitos definidos como “Zonas de extracción de auga para consumo humano” e “Zonas de protección de hábitats e especies” é necesario un documento de asesoramento que “deberá incluír unha avaliación do impacto ambiental do tratamento que se pretenda realizar”.

ABUSOS DE HERBICIDAS EN GALIZA: CASOS DOCUMENTADOS

A pesar do dito anteriormente, en Galiza aplícase herbicida en épocas de choivas, sen avaliación de impacto ambiental e en treitos que se poden rozar con medios mecánicos. Son exemplos a N-VI na provincia de Lugo, especialmente entre Guitiriz e a capital luguesa, e a AP-9 no ramal de Ferrol, desde a zona da Piadela ata a ponte da ría de Betanzos. Algúns anos se tense fumigado a N-640 entre Rodeiro e Lalín (afectando

incluso a xardíns particulares!) e varias estradas locais no concello de Santiago de Compostela.

En Guitiriz tense comprobada a afección directa das fumigacións sobre especies incluídas no Anexo II da Directiva de Hábitats, como é o caso da bolboreta *Euphydryas aurinia*, afectando tamén outros lepidópteros, abellóns, xoaniñas e moitos outros invertebrados e plantas vasculares na mesma zona. Compre subliñar que a Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza de Galiza, no seu artigo 64.2 cualifica de infracción grave “a destrución ou degradación severa do hábitat de especies vulnerables ou de interese especial”.

A MODO DE COLOFÓN

No Reino Unido estimanse máis de 2400 quilómetros cadrados de beiras herbáceas de estradas. A organización Plantlife leva anos poñendoas en valor, subliñando o seu potencial para acoller biodiversidade e propondo medidas de xestión sostibles sen herbicidas. En Canadá, Estados Unidos e Australia están traballando arreo nesa mesma dirección. E por que non na nosa terra? ADEGA, a FEG, a Plataforma contra as fumigacións, ADENCO-Pontearas e moitas outras están loitando por unha Galiza onde os fitosanitarios non estraguen o noso patrimonio natural. Xuntemos forzas.

LIGAZÓN DE INTERESE (CON ACCESO 15/6/2015):

- Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA). URL: <http://www.adega.gal>
- Conniff, R. 2013. Green Highways: New Strategies To Manage Roadsides as Habitat. *Yale Environment 360*. URL: <http://bit.do/conniff>
- Federación Ecoloxista Galega (FEG). URL: <http://federacionecoloxistagalega.org/>
- Galicia Confidencial*. 2014. Pontearas, primeiro concello libre de herbicidas. *Galicia Confidencial*, edición 22/1/2014. URL: <http://bit.do/adenco>
- Plataforma contra as fumigacións. URL: <http://fumigacionsnon.org/>
- Randall, D. 2013. Mown down: The wildlife toll on UK's roadsides. *The Independent*, edición 2/6/2013. URL: <http://bit.do/mowndown>
- STOP Herbicidas Madrid. URL: <https://stopherbicidasmadrid.wordpress.com/>

Perigos do glifosato no control de malas herbas nas cidades

Luís Díaz Cabanela
Vogal de Saúde Ambiental de ADEGA

Os riscos asociados ao uso do glifosato como herbicida nas cidades son múltiples, polo que compre rexeitalo. Como alternativa, propónse o método manual ou mecánico para o control da vexetación non desexada.

GLIFOSATO: CARACTERÍSTICAS QUÍMICAS

Co nome químico de N-fosfonometilglicina, o glifosato é un herbicida sistémico, absorbido polas follas das plantas e posteriormente distribuído a todas as partes incluíndo as raíces. Inhibe a síntese de aminoácidos esenciais necesarios para a produción de proteínas, causando a morte da planta.

Nos produtos comerciais, o glifosato ven mesturado con outros produtos químicos que actúan como surfactantes. Na maioría dos casos, as mesturas e proporcións son comercialmente confidenciais.

USO NO CULTIVO DE TRANSXÉNICOS

A multinacional americana Monsanto foi a descubridora e a principal comercializadora do herbicida glifosato baixo o nome comercial de Roundup.

Asegurouse o mercado mediante a introdución de sementes xeneticamente modificadas (soia, millo, algodón e colza) especificamente deseñadas para ser tolerantes ao glifosato. Estas sementes transxénicas son chamadas Roundup Ready (ou RR). Deste xeito transformaron a agricultura tradicional nunha industria moi pouco respectuosa co medio ambiente e cos consumidores.

Sementan ao mesmo tempo que botan o herbicida para aforrar nos gastos de produción. O glifosato elimina indiscriminadamente toda a vexetación excepto a modificada xeneticamente. Non teñen en conta que o herbicida penetra en todas as partes da planta cultivada, e que o consumidor inxire o herbicida xunto coa planta, aínda que esta sexa lavada previamente.

USO NA GUERRA CONTRA O CULTIVO DE DROGAS: PLAN COLOMBIA

A empresa DynCorp International, contratista militar de Estados Unidos, leva a cabo as fumigacións con Roundup nos cultivos de coca e papoula. As fumigacións aéreas están tendo terribles consecuencias. O herbicida non mata so os cultivos de coca, tamén mata cultivos alimentarios, gando e peixes. Destruíron zonas de bosques en operacións que lembran as fumigacións con Axente Laranxa (outro produto de Monsanto) durante a guerra de Vietnam.

Os rexistros médicos amosan aumentos significativos das irritacións de pel e ollos, febre, dores de estómago e problemas respiratorios. A embaixada de Estados Unidos en Bogotá recibiu máis de 12.000 reclamacións relativas ás fumigacións con herbicidas. Sen embargo, soamente doce persoas foron indemnizadas.

TOXICIDADE AGUDA DO GLIFOSATO

Están descritos casos en traballadores que non utilizaban a protección axeitada, ou que sufriron salpicaduras accidentais mentres preparaban o produto. Tamén en transeúntes que foron alcanzados accidentalmente por rachas de vento contaminado ou outras razóns. A intoxicación pode producirse por inhalación de aerosois, contacto cutáneo e ocular, e inxestión.



ADEGA LUGO

SÍNTOMAS DUNHA INTOXICACIÓN AGUDA

- **Pel:** irritación, inflamación, formigueo ou ardor, dermatite.
- **Ollos:** conxuntivite química, lesións na córnea, ardor nos ollos, visión borrosa, visión dobre, inflamación palpebral.
- **Orofarinx:** malestar nasal e oral, sabor desagradable, formigueo, irritación e dor de garganta, inflamación da lingua.
- **Aparato respiratorio:** ardor no peito, tose.
- **Dixestivo:** náuseas, vómitos, cólicos abdominais, diarrea
- **Neurolóxico:** dor de cabeza, febre, tremores, calafríos, cansazo e letargo
- **Músculos:** intensas mialxias, cambras musculares

Estes síntomas aparecen entre as 8 e as 12 horas logo da exposición, salvo no caso de inxestión na que os síntomas dixestivos son inmediatos e intensos. No caso de inxestión aparece acidose metabólica, insuficiencia respiratoria e renal, paro cardíaco, convulsións e coma. Non existe antídoto e o tratamento é sintomático.

TOXICIDADE CRÓNICA

A toxicidade crónica tradúcese en efectos reprodutivos, endócrinos, canceríxenos ou neurolóxicos. No Paraguai, 52 mulleres expostas durante o embarazo tiveron fillos con malformacións conxénitas. As células embrionarias e placentarias resultan afectadas a concentracións correspondentes ao nivel residual en alimentos, presente en cultivos xeneticamente modificados tratados con Roundup.

En canto ás alteracións endócrinas, o Roundup interrompeu a produción da hormona reprodutiva proxesterona, en células de rato. O glifosato, en dilucións 100 veces menores que as concen-

As aves e as persoas son os primeiros afectados polas fumigacións urbanas.



ARQUIVO ADEGA

tracións agrícolas altera os niveis de estróxeno. Isto podería explicar os nacementos prematuros e abortos observados en mulleres agricultoras que utilizan glifosato.

Tamén a exposición ao glifosato está vinculada co linfoma non Hodgkin e o mieloma múltiple, e causa mutacións en células humanas, de animais e plantas. Por último, o glifosato pode estar implicado no mal de Parkinson, inhibe o crecemento dos axonios e dendritas, e esgota os neurotransmisores cerebrais serotonina e dopamina. Pode provocar trastorno de déficit de atención con hiperactividade.

CONCLUSIÓN

O glifosato é un produto tóxico e perigoso que require unha manipulación en mans expertas e con medidas de protección axeitada. Existe o risco de pulverizar accidentalmente aos transeúntes e a emisións de aerosois obrigaría aos veciños e condutores a manter as ventás pechadas. Aparte, pode lixiviar e contaminar as augas subterráneas.

Para controlar as malas herbas, habería que realizar unha aplicación periódica o que aumenta os riscos polos efectos acumulativos a longo prazo para as persoas veciñas. Existe un risco engadido para mulleres embarazadas, nenos, persoas anciás, asmáticas e con outros problemas respiratorios crónicos e cardíacos.

XOSÉ SALVADORES



VII Feira na Eira da Xoana (07/06/15)

A VII Feira na Eira da Xoana, a feira de primavera, saíu adiante coa colaboración dos concellos de Palas de Rei e de A Golada e con grandes doses de solidariedade, do voluntariado de ADEGA na organización, dos postos de produtos (iogures, queixos, marmeladas, hortalizas, verduras, plantas, produtos de hixiene e cosmética natural, artesanía variada), de relatores das charlas, grupos musicais e de danza, e da participación de todas as persoas asistentes...

Arquivo ADEGA



Máis eucaliptos, agora sobre endemismos galegos en perigo de extinción (07/05/15)

ADEGA e a FEG veñen de denunciar unha plantación de eucaliptos na área de protección da RN2000 do Careón, nunha zona na que están presentes endemismos botánicos únicos no mundo e en perigo de extinción.

ADEGA



Denuncia ecoloxista contra a política de residuos da Xunta-SOGAMA (14/05/15)

A Presidenta da Comisión de Peticións do Parlamento Europeo, Cecilia Wikström, vén de comunicar aos grupos da Plataforma Galega contra a Incineración, a admisión a trámite da denuncia contra a Xunta-SOGAMA por incumplir a lexislación comunitaria de residuos.



PLISAN, a nai de todos os polígonos: 15 anos, 120 millóns, 0 empresas (20/04/2015)

ADEGA presentou alegacións ao enésimo intento da Xunta de dotar de contido ao maior polígono industrial de Galiza. Trátase da Plataforma Loxística Salvaterra-As Neves, ou porto seco de Vigo. En cómodas doses eleitorais, e despois de 15 anos e máis de 120 millóns gastados, vanse achegar outros 36 millóns para "urbanización".



A persistencia dos monocultivos insustentábeis: eucaliptos e agora batatas (17/06/15)

ENCE está a executar unha nova vaga eucaliptizadora dirixida a copar grandes extensións de territorio para dar cobertura ao seu negocio da biomasa. Tamén preocupa o recente desembarco do monocultivo da batata para a produción de biocombustíbeis.

ADEGA traballa arreo na defensa ecolóxica de Galiza, como podes ollar neste breve resumo das últimas semanas. Non fiques parada: súmate á defensa ecolóxica de Galiza, visita a nosa web (adega.gal) e participa nos grupos activos ou faite socia/o.




ADEGA

Plantación de aromáticas (29/04/15)

Un grupo de voluntariado ambiental da Universidade da Coruña (UDC) achegouse ao mundo das plantas aromáticas cunha xornada de identificación e cultivo. Despois dunha charla introdutoria a cargo de Javier Cremades, profesor da UDC e doutor en Botánica, pasouse á parte práctica da plantación nun espazo do Monte da Fraga, no contorno da Facultade de Ciencias, que está a acoller diversas actuacións de reforestación participativa. Xa en convocatorias anteriores téñense feito plantacións de acivros e de cerdeiras nesa área.

ARQUIVO ADEGA



Campo de eliminación de flora exótica do río Tea (8-10 maio)

Unha xornada máis de actividades de ADEGA e o Proxecto Ríos, dentro do Programa de Voluntariado en Ríos, do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente –MAGRAMA–, en marcha desde o ano 2007. Son xa oito anos de actividades de voluntariado no río Tea, e este o XIX campo de voluntariado que se realiza.

ADEGA LUGO



Roteiro ecolóxico pola Illa de Cortegada (14/06/15)

O último roteiro do ciclo "Cousa de Raíces" tivo lugar o pasado 14 de xuño na Illa de Cortegada. 75 persoas apuntáronse a coñecer un dos bosques de loureiros máis importantes de toda a Península Ibérica, e que foi seleccionado como un dos bosques galegos de interese para este ciclo. Acompañados do biólogo Xurxo Mouriño, autor de varias publicacións sobre as Illas Atlánticas, o longo da xornada puidemos coñecer algo máis sobre a flora e fauna da illa e algunhas das súas especies endémicas, así como sobre a historia da illa, en parte ligada ás peregrinacións á Compostela. Cortegada forma parte do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas. A súa localización abrigada no interior da ría de Arousa facilitou o asentamento nela deste espectacular bosque de loureiros.

ARQUIVO ADEGA



IV Limpeza simultánea de praias (5-8/06/15)

Durante unha fin de semana, máis de 40 entidades e máis de 500 persoas sumaron os seus esforzos ao longo do litoral galego para limpar as praias e denunciar a problemática ambiental do lixo mariño na 4ª Limpeza Simultánea de Praias

Eliminación de flora invasora nas Lagoas de Xuño e Muro (xuño 2015)

ADEGA desenvolveu unha nova actividade de eliminación de flora exótica invasora nas lagoas de Xuño e Muro (Porto do Son). A actuación enmarcouse no proxecto "Rede de voluntariado ambiental para a eliminación de especies invasoras en ecosistemas acuáticos", que conta co apoio da Fundación Biodiversidad.



en imaxes

Xesús Asorei, secretario da AGA



Cales son os agrotóxicos que máis prexudican ás abellas?
 Son os sistémicos, neonicotinoides, con efectos neurotóxicos, que foron postos no mercado a partires do ano 1994, e que fan desaparecer anualmente entre un 30 e un 40% dos enxames, antes desa data a mortalidade anual era dun 5-8%. Os seus principios activos son *Imidacloprid* e *Clothianidina* de Bayer, *Thiometoxam* de Syngenta e *Fipronil* de BASF, dos que hai no mercado diferentes nomes comerciais.

Que efectos provocan nelas?

Os pesticidas neurotóxicos afectan ao sistema nervioso dos insectos e fanlles perder a memoria. As abellas saen o campo e non regresan a colmea, xa que estas substancias invalidan o seu sistema de orientación.

Canta poboación de abellas se perdeu en Galiza por mor dos pesticidas?

En 20 anos calcúlase que se perderon uns 700.000 enxames, pero en áreas de millo forraxeiro e horticultura intensiva a desaparición acadou un 80% das colonias de abellas.

Déronse avances na UE cara á prohibición dos pesticidas que fan dano á cabana apícola?

Desde a UE tomouse a medida de establecer unha moratoria que rematará a finais deste ano, esta moratoria foi un pequeno parche, xa que establece moitas excepcións onde se poden usar, en invernadoiros, en cereais de inverno e en certos cultivos fora da época de floración. Isto é descoñecer como funcionan estes produtos que se estenden pola terra e logo aparecen nas augas e nas flores, mesmo de plantas silvestres. Ademais, tampouco se fan controis que fagan efectiva esta medida.

E en Galiza?

En Galiza, non se fixo nada máis restritivo, que fose máis aló destas medidas mínimas, xa que as autoridades din non ter competencias.

"As fumigacións aéreas son unha barbaridade; teñen que estar prohibidas"

Xesús Asorei é Secretario da Asociación Galega de Apicultura (AGA), entidade que forma parte da plataforma galega Fumigacións Non. Nesta entrevista explícanos como en moitas zonas teñen desaparecido até o 80% das colonias de abellas polos efectos dos pesticidas.

Que consecuencias pode ter nas abellas a aplicación de tóxicos contra as praga do eucalipto?

Tanto nos eucaliptos coma na avespa do castiñeiro coas que queren empezar este ano, as fumigacións aéreas son, en xeral, unha barbaridade, teñen que estar totalmente prohibidas. Son insecticidas que matan abellas a longa distancia, cun vento de máis de 20 km/hora estes produtos viaxan polo ar e vanse depositar fundamentalmente nas ladeiras das montañas, e iso explica que de vez en cando haxa unha gran mortalidade nos Ancares, no Courel, en Cabeza de Manzaneda, etc. Pero estas fumigacións tamén afectan a produción ecolóxica de alimentos, contaminan as augas que bebemos e o aire que respiramos.

E a fumigación sistemática de estradas por todo o territorio galego?

A sistemática aplicación de herbicidas nas cunetas

das estradas, sobre todo co glifosato de Monsanto que está catalogado como un produto moi perigoso, representan outra práctica totalmente perniciosa.

Que recomendacións fai AGA aos apicultores e á sociedade?

Nós informamos do uso destes pesticidas como produtos perigosos para as abellas, para o medio ambiente e para a saúde das persoas. Como AGA pertencemos a Asociación Bee Life a nivel da UE, que propón a prohibición total dos neonicotinoides, e tamén propón unha forte restrición no uso de todos os pesticidas e herbicidas así como no dos transxénicos.

A nosa proposta é ben clara, hai que cambiar o modelo de produción agraria, hai que ir a unha produción agraria compatible coa presenza dos insectos polinizadores nos nosos campos. O medio rural, por mor deste sistema de produción agraria volveuse hostil para as nosas abellas e non é sostible.

Que accións ou medidas está a impulsar AGA en contra das fumigacións?

AGA pertence a plataforma galega Fumigacións Non, da que formamos parte varios colectivos. Xa houbo mobilizacións e conseguimos daquela paralizar as fumigacións sobre os eucaliptos. Pensamos que esa é a vía que hai que seguir. Tamén temos mantido reunións cos nosos representantes políticos, tanto en Galiza coma en Madrid e na UE para paralizar este envelenamento masivo.